

# LOLA MONTES

Max Ophüls, 1955

# 919

ESTREA EN NUMAX: 20.04.2022 | V.O.S.E.

Nacida en Irlanda, Lola (Martine Carol) foi a amante de grandes homes como o músico húngaro Franz Liszt ou Luis I de Baviera. Xa no ocaso da súa carreira, traballou nun circo de Nova Orleáns, Louisiana, onde realizaba un número acrobático mentres un mestre de cerimonia (Peter Ustinov) narraba ao público a súa escandalosa vida.

Copia restaurada en 4K que recupera a montaxe orixinal da última obra mestra de Max Ophüls. O traballo de restauración foi comandado pola Cinemateca Francesa e supervisado por Marcel Ophüls, fillo do cineasta. A estrea da nova fita tivo lugar na sección Cannes Classics de 2008.

«A construción da historia que enxeñosamente sacode a liña do tempo recorda a Citizen Kane»

François Truffaut, CAHIERS DU CINEMA

**Máis información e entradas en**



# LOLA MONTES

Max Ophüls, 1955

# 919

ESTREA EN NUMAX: 20.04.2022 | V.O.S.E.

Nacida en Irlanda, Lola (Martine Carol) foi a amante de grandes homes como o músico húngaro Franz Liszt ou Luis I de Baviera. Xa no ocaso da súa carreira, traballou nun circo de Nova Orleáns, Louisiana, onde realizaba un número acrobático mentres un mestre de cerimonia (Peter Ustinov) narraba ao público a súa escandalosa vida.

Copia restaurada en 4K que recupera a montaxe orixinal da última obra mestra de Max Ophüls. O traballo de restauración foi comandado pola Cinemateca Francesa e supervisado por Marcel Ophüls, fillo do cineasta. A estrea da nova fita tivo lugar na sección Cannes Classics de 2008.

«A construción da historia que enxeñosamente sacode a liña do tempo recorda a Citizen Kane»

François Truffaut, CAHIERS DU CINEMA

**Máis información e entradas en**



# LOLA MONTES

Max Ophüls, 1955



## Un acto de respecto

Por Roberto Rossellini, Jacques Becker, Jean Cocteau, Pierre Kast, Christian Jaque, Jacques Tati, Alexandre Astruc

*Lola Montes* supón unha aventura nova, audaz e necesaria. Un filme moi importante que chega no momento en que o cinema precisa, con urxencia, un cambio de aires. Sentimos dicir: non lle gusta ao público e os filmes fanse para o público. Por outra banda, ao non parecerse ao que vemos habitualmente nas pantallas é normal que o público poida sentirse perplexo. Preguntámonos se os espectadores que entran xa na sala desorientados por tantas voces discordantes terán o valor, se o filme lles gusta, de manifestalo abertamente. Cremos que, ante todo, *Lola Montes* é un acto de respecto cara ao público, decote maltratado con espectáculos do máis baixo nivel que alteran o seu gusto e sensibilidade. Este filme non é un divertimento. Fai reflexionar, pero cremos que o público tamén quere pensar. Por que podemos apreciar un libro de certa calidade e rexeitamos un filme desa mesma altura? Defender *Lola Montes* supón defender o cinema en xeral, xa que todo intento serio de renovación é un ben para o cinema e para o público.

Publicado en *Le Figaro*, París, 5 de xaneiro de 1956

## A restauración de Lola Montes

A derradeira obra mestra de Max Ophüls, *Lola Montes*, construída sobre «a crueldade e a indecencia propias de espectáculos escandalosos» foi anunciada como un filme frívolo destinado a causar sensación. Logo do fracaso comercial a fita foi sometida a numerosas modificacións. Recortada e remontada varias veces, chegaron a existir tres montaxes diferentes: a versión orixinal de decembro de 1955, a de febreiro de 1956 (na que os diálogos alemáns son reemprazados polas voces post-sincronizadas en francés) e a de 1957 (que conta a historia en orde cronolóxica e acompañada dunha voz en off), versión esta efectuada contra a vontade do seu director. A Cinémathèque Française decidiu restaurar a montaxe orixinal de *Lola Montes* restituindo as cores e o formato de orixe.

Por unha banda contouse con numerosos materiais fotoquímicos conservados en diferentes arquivos como o negativo da montaxe de 1957 que se atopaba na propia Cinémathèque. A copia orixinal de explotación en Cinemascope atopámola en mal estado e coas cores degradadas pero todos os planos no seu sitio, o que serviu de referencia para a montaxe. Todos estes elementos fotoquímicos foron dixitalizados polo Technicolor Creative Services de Los Angeles con supervisión de Tom Burton.

O filme foi gravado en Cinemascope e proxectado nas primeiras semanas na proporción de imaxe 2.55:1. En 1956 as novas copias reduciron a imaxe a 2.35:1 para seren máis doadas de distribuír. Un dos retos da restauración foi dar co aspecto orixinal da imaxe que até o de agora fora difundida de maneira incorrecta. En 1955, *Lola Montes* facía parte dun lote de 24 filmes gravados en Eastmancolor. Ophüls tiña precisado no propio guión os contrastes e as tonalidades que quería en función dos diferentes *flashbacks*. Ao mesmo tempo, a restauración dixital ofrece unha variedade de cores moito maior que a que permite a etalonaxe fotoquímica. É por iso que tomamos a decisión de tirar unha copia de traballo correctamente etalonada a partir do negativo orixinal. Esta etalonaxe permitiu reencontrar e respectar as cores orixinais, tendo en conta as propias limitacións do procedemento fotoquímico.

A pesar de todos os estudos realizados segue a ser unha incógnica como Max Ophüls con tantas limitacións técnicas un dirixiu un filme así, desmarcándose das convencións, asociaciando o íntimo co sublime e anunciando dunha maneira (se cadra demasiado) brutal as mutacións dun novo cinema. 50 anos máis tarde, *Lola Montes* é aínda un misterio.

Publicado en [cinematheque.fr](http://cinematheque.fr)

# LOLA MONTES

Max Ophüls, 1955



## Un acto de respecto

Por Roberto Rossellini, Jacques Becker, Jean Cocteau, Pierre Kast, Christian Jaque, Jacques Tati, Alexandre Astruc

*Lola Montes* supón unha aventura nova, audaz e necesaria. Un filme moi importante que chega no momento en que o cinema precisa, con urxencia, un cambio de aires. Sentimos dicir: non lle gusta ao público e os filmes fanse para o público. Por outra banda, ao non parecerse ao que vemos habitualmente nas pantallas é normal que o público poida sentirse perplexo. Preguntámonos se os espectadores que entran xa na sala desorientados por tantas voces discordantes terán o valor, se o filme lles gusta, de manifestalo abertamente. Cremos que, ante todo, *Lola Montes* é un acto de respecto cara ao público, decote maltratado con espectáculos do máis baixo nivel que alteran o seu gusto e sensibilidade. Este filme non é un divertimento. Fai reflexionar, pero cremos que o público tamén quere pensar. Por que podemos apreciar un libro de certa calidade e rexeitamos un filme desa mesma altura? Defender *Lola Montes* supón defender o cinema en xeral, xa que todo intento serio de renovación é un ben para o cinema e para o público.

Publicado en *Le Figaro*, París, 5 de xaneiro de 1956

## A restauración de Lola Montes

A derradeira obra mestra de Max Ophüls, *Lola Montes*, construída sobre «a crueldade e a indecencia propias de espectáculos escandalosos» foi anunciada como un filme frívolo destinado a causar sensación. Logo do fracaso comercial a fita foi sometida a numerosas modificacións. Recortada e remontada varias veces, chegaron a existir tres montaxes diferentes: a versión orixinal de decembro de 1955, a de febreiro de 1956 (na que os diálogos alemáns son reemprazados polas voces post-sincronizadas en francés) e a de 1957 (que conta a historia en orde cronolóxica e acompañada dunha voz en off), versión esta efectuada contra a vontade do seu director. A Cinémathèque Française decidiu restaurar a montaxe orixinal de *Lola Montes* restituindo as cores e o formato de orixe.

Por unha banda contouse con numerosos materiais fotoquímicos conservados en diferentes arquivos como o negativo da montaxe de 1957 que se atopaba na propia Cinémathèque. A copia orixinal de explotación en Cinemascope atopámola en mal estado e coas cores degradadas pero todos os planos no seu sitio, o que serviu de referencia para a montaxe. Todos estes elementos fotoquímicos foron dixitalizados polo Technicolor Creative Services de Los Angeles con supervisión de Tom Burton.

O filme foi gravado en Cinemascope e proxectado nas primeiras semanas na proporción de imaxe 2.55:1. En 1956 as novas copias reduciron a imaxe a 2.35:1 para seren máis doadas de distribuír. Un dos retos da restauración foi dar co aspecto orixinal da imaxe que até o de agora fora difundida de maneira incorrecta. En 1955, *Lola Montes* facía parte dun lote de 24 filmes gravados en Eastmancolor. Ophüls tiña precisado no propio guión os contrastes e as tonalidades que quería en función dos diferentes *flashbacks*. Ao mesmo tempo, a restauración dixital ofrece unha variedade de cores moito maior que a que permite a etalonaxe fotoquímica. É por iso que tomamos a decisión de tirar unha copia de traballo correctamente etalonada a partir do negativo orixinal. Esta etalonaxe permitiu reencontrar e respectar as cores orixinais, tendo en conta as propias limitacións do procedemento fotoquímico.

A pesar de todos os estudos realizados segue a ser unha incógnica como Max Ophüls con tantas limitacións técnicas un dirixiu un filme así, desmarcándose das convencións, asociaciando o íntimo co sublime e anunciando dunha maneira (se cadra demasiado) brutal as mutacións dun novo cinema. 50 anos máis tarde, *Lola Montes* é aínda un misterio.

Publicado en [cinematheque.fr](http://cinematheque.fr)